

# FALADOIRO

ANO VII Nº X

C. P. TORRE-CELA - BUEU - (PONTEVEDRA)



NADAL 1996

E. INFANTIL






Outono

17



# O MA GOSTO

Non chas quero, non chas quero  
castañas do teu magosto.

Non chas quero non chas quero  
que me cheiran ó chamosco.



# Polo San Martiño trompos ó camiño



V. C.  
Victor

# A BUXAINA BRINCADEIRA

Teño unha buxaina,  
baila, baila, baila,  
o mesmo no chan  
ou pola man,  
ela non para.

Teño unha piola,  
tola, tola, tola,  
tece do dereito  
e do revés,  
enfía soa

Coa miña buxaina  
e a miña piola,  
chámame os rapaces  
a leticia  
da escola

Unha, dúas, tres,  
catro, cinco, seis,  
sete, oito, nove, dez.



# A HISTÓRIA DA LARANXA



A laranja é uma fruta que percorreu uma longa viagem até chegar à laranja que nós conhecemos. A história da laranja começou há milhares de séculos atrás.

Há 3000 anos, na China já existiam as laranjas, mas não eram comestíveis e usavam-se como medicamento e para fazer colônias.


Há 2000 anos, em Babilônia, a laranja era um luxo dos ricos. Os reis enchiam os jardins de laranjeiras porque as laranjas usavam-se como perfume e como ambientadores domésticos.



Há 400 anos, os comerciantes de Oriente deram a conhecer a laranja em Europa, mas ainda não se comiam pelo seu sabor. Utilizavam-se para extrair o óleo da sua casca.

Desde há 200 anos, fizeram-se investigações que permitiram criar laranjas doces. As laranjas são agora um fruto que se come em todo o mundo.

De qualquer maneira as laranjas são muito boas. Estão riquíssimas!



POESIA.

Un colar eu quixera  
regalalle á miña nai,  
como non teña diñeiro  
para pedelo mercar.

Un montón de meucatiños  
e un biquiño lle voua dar.

¡Ai! que cara de ledicia  
se lle puxo á miña nai.



Eugenio Martínez Corvo

# POESIA

Fermosos roquetes  
eu quixera ter,  
e de caramelos  
un montón tamén.

Pero, eu quixera  
e a Deus lle pido  
que nunca me faltan  
un montón de amigos.



# Ourosidades

• Sendo tão longo o percurso da urtiga, é tem muitas vértebras?

Non, soamente sete.

• O león ruwe, o can ladra, o gato miaña, o calaba, a rincha, é o elefante?

Barrita.

• ¿Quién ten mas dentes: o can ou o gato?

O can ten 43 dentes, mentres que o gato ten 30.

• O intestino do can é cantas veces máis a lonxitude do seu corpo?

Seis veces.

• ¿Como se chama o nariz dos cans?

Chamase trufa.

• ¿Que animal é o magro?

É un arno.

• ¿Viven moitos anos as labras?

Si, viven entre 90 e 100 anos.



A bir moluscos non é nada fácil. ¿Como se  
apanha a nutria  
le mar?

Utiliza unha pedra para rompé-las valvas.


Unha balea recién morta, ¿pesará tres toneladas, ou máis?

Para arredor de sete toneladas.

¿Canto tempo aganta o golfinho debaixo da auga?


Entre vinte a trinta minutos, grazas a súa grande capacidade

de manter.



¿Que araña é máis grande que unha man dun home?


Se non che gustan as arañas grandes, non te acerques as arañas Goliat, que viven en América do Sur, aliméntase de paxaros e o seu corpo mide 10 cm. e coas súas patas 27 cm.  
¡Que medo!



¿Sabes ti en que se diferencia un mono dun simio?

!! Na cola !! Os monos teñen cola, ás veces longa, pero os simios non teñen cola e a teñen tan cortina que mo se lle ve.

5º NIVEL



¿Qué animal ten os olhos case  
o dobre de grandes que um balon  
de regar o futebol?

O olho do que falamos mide 45  
cm. ¡Increíble!

¿Alguma idea sobre o animal?

¿Um elefante? ¿Uma baleia?

¡Non! ¡Non! É o olho dun

calamar x gigante do Atlántico.

Suponho que non vos surpreenderá saber  
que é o olho maior que jamais existiu

# A Cella Monumental

Na parroquia de Santa María de Cella coma noutras parroquias forón aparecendo testimo-  
nios, obxectos e monumentos relacionados sempre co home. Neste traballo vou a contar algo  
delas:

**Mámoas:** forón achadas en diversos lugares da parroquia como en Parlaya, Rapadiro, e For-  
no de Arcas. Tamén aparecerón uns raspadores de cuarcita, escrituras rupestres na Teixu-  
eira e un castro sen desenterrar nas proximidades do monte O Castelo de Ardám; todo is-  
to investigado polo Museo Provincial de Pontevedra. Tamen se poden destacar outros monume-  
ntos: 1 estela achada en Sabarigo con mais de 2000 anos de antigüidade.

**IGLESIA PARROQUIAL DE SANTA MARIA DE CELA:** esta data do século XII e ela é a única total-  
mente románica de todo Morrazo. Nesta podese destacar varias cousas en canto a súa arqui-  
tectura e a súa orfebrería; Na arquitectura destacan: os aleros e canecillos debaixo do  
sainte tejaro, as curiosa figuras de cabezas de animais ou figuras humanas talladas en  
pedra, as laxas sepulcrales, os retablos de estilo barroco pero o que ten verdadeira im-  
portancia e o tímpano e a portada principal con todos elementos da típica traza Sanjuani-  
stica. En orfebrería podese destacar as campas que datan do 1826, os calizes que son 3.  
Tamen se pode resaltar algo sobre a casa da fábrica (obra) que se fixo en 1838, pero an-  
tiguamente poido haber outra ali mesmo ou noutro lugar do atrio parroquial.

**A CASA GRANDE DAS CASTIÑANS E A CAPELA DE SAN ANTON:** Esta coñecida  
como pazo pero realmente é unha casa brasonada. Os seus orixes da-  
tan do 1600 aunque a súa capela parece ser que foi rematada en  
1732, os seus fundadores parecen se da familia Aldáo. Esta casa ten  
2 escudos, ten o da casa que é o mais grande e un pequeno na fa-  
chada principal da capela que é o da Santa Inquisición, estes escu-  
dos seviríanlle antigamente os chavales para librarse de ir o servizo  
militar. Nesta capela atopáanse 4 santos: a Virxe do Portal, San  
Antón, San Isidro o Labrador e a virxe das Neves. O domingo ou o  
luns celébrase unha misa pública e despois sae a procesión ata o cruceiro do Carballal.



**MONASTERIO DE SANTIAGO DE ERMELO:** Este crese que o fundou un tal Pedro Monje no século  
IX no ano 840, e sábese que houbo unha reforma no ano 1140 ou así se traduce nas peo-  
ras que hai escritas xunta o altar. Este monasterio dou lugar a moitas aldeas do Morrazo,  
sobre a época dos reis Católicos convertiuse en priorato do cercano monasterio de Poio.  
Este pasou a formar parte da Parroquia de Cella en 1868 xunto coa aldea de Ermelo. Xun-  
to co monasterio houbo unha casa prioral da que hoxe só conserba un pedazo de muro. Nes-  
te monasterio celébrase unha romaría o 25 de xullo en honor a Santiago Apostol e celébra-  
se misa nel todos os domingos.

**CRUCEIROS:** Nesta parroquia tamen se encontran algúns cruceiros mais os que xa desapare-  
ceron. Antigamente cando o feretro dirixíase hacia a igrexa parabase a reza diante de  
cada cruceiro ata chegar a igrexa. Os mais importantes son o do Carballal, o Outeiro,

ERMITA DE SAN LORENZO: Esta ermita está situada en terrenos feligreses de Ardán no coto das Dehesas Reales en Pastoriza. Esta capela fíxose sendo rector don Baltasar González de parga en 1689, así o din unhas pedras aparecidas entre as ruínas da capela. Dende que se formaron os haxuntamentos en 1832 houbo continuas discursións e peleas entre os habitantes dos dous haxuntamentos, debido a que a situación da capela non estaba moi clara nos límites entre Ardán e Cela, o final chegaron a paz co seguinte trato; Cela quedase co Santo; San Lourenzo e Ardán quedase co terreno; o Santo esta na igrexa de Cela e os terrenos están segun os límites de 1834 en terrenos de Cela. Antiguamente neste lugar celebrábase unha romaría cada 10 de Agosto en honor a San Lourenzo, e ali acudía moita xente a curar as Berrugas. O certo é que hoxe está todo en ruínas e ali o lado hai un lago donde nace auga Bendita.

AS FONTES: Hai moitas expandidas por toda a parroquia mais de 20 e algunhas importantes do século pasado.

OS HORREOS: Estendense por toda parroquia e casi cada casa ten o seu. hainos que teñen máis de 200 anos. Estes utilizábanos pa gardar as colleitas do millo, centeo, etc... A maioría deles están en perfectas condicións.

PEDRA DO CAPITÁN.



A CRUZ DE SANTIAGO DE HERMELO: Podriase denominar como cruceiro pero é moi grande. Situase nas llanuras das chans de Hermelo a unha altitude de 320 m sobre o nivel del mar. Hai outra situada o Sur-este igual. Esta puxose cando estubo un obispo a visitar o monasterio de Hermelo. Este lugar foi designado por Gelmirez par vigilar de que o enemigo no entrase por las rias de pontevedra y Vigo.

PEDRA DO CAPITÁN: Esta situada no monte da Barraca ela é unha pedra de grandes dimensións. Nesta pedra aparecen as letras H L O que significa os límites con Hermelo. Conta a lenda que nesta pedra morreu un capitán cando estaba dando ordénas os seus soldados.

CASA DA TORRE: Está situada no lugar da torre. É unha casa pequena de pedra, que ten un escudo grande na cara da casa que dá o camiño. Segun parece tamén foi fundada por la familia Aldão.

Os romanos tamen deixaron a súa pegada coa via per loca marítima non sendo esta a principal senon unha desviación da que iba a Astorga. Esta desviación viña dende Pontevedra pasando por Marín e entrando en Bueu pola costa, subindo pola Barraca, Meira, Portela, Coiro hasta chegar a Cabo Home donde parece ser había un faro romano. Hoxe en día non existe porque parte dela foi utilizada po trazado da carretera c-550 que une Pontevedra con Cangas.

A DESAPARECIDA PEDRA DA LAXE: Esta era de grans dimensións, e estaba situada no monte Corde (Sistro) donde hoxe está a pista polideportiva. O nome desta pedra era a laxe que significa pedra de gran dimensións. Esta utilizabse pa mallar o centeno, a cebada, etc... e pa afiar utensilios cortantes como podons, coitelo etc... Hoxe en día non existe esta pedra porque foi dinamitada pa facer a pista.


MUÍÑOS HIDRÁULICOS: Estes muíños de dous tipos distintos extendense nos ríos de Devesa nova e o río do Inferno, poden ser de rodicio e de Aceas, anque os mais abundantes son de rodicio. Extendense río abaixo e aproveitaváanse os desniveis do río pa facer as canles que leban a auga po Cubo e xeralmente estan cerca das casas en terreos comunales. Utilizáronse pa moer os grans de centeno, o trigo eo millo pa face-lo pan, tamen non se sabe se algun se poido utilizar pa moer o xofre. Nestes podense resaltar as principais partes: A canle, o cubo, o inferno, o rodicio, a moega, a bufarda, o trimiñado, a adega a mō, o pé, o ergedoiro, o pousadoiro, etc... A maioría deles pararon de moer entre as décadas do 60-70 e boxe estan casi todos en moi malas condicions e hai algun que outro que se conserva en relativas boas condicions. Hai sobre uns 40-50 muíños entre os dous ríos; e podense citar o nome de alguns deles: Río da Devesanova: Mouro, Cubo Vello, Corso, González, o da Costa, etc... No río do Inferno: o do Inferno, Novo, Queimaño, ferreira, etc...

-O muíño de meu sogro eu ben lle sei o tempero, cando está alto, bixalo, cando está baixo, ergelo."

• Podese falar dunha antiga pertencencia da isla de San Clemente o curato de Cela sobre o ano 1607.

• E en canto a toponimia podese falar de que Cela provén do latín Celarium, Cellam; que significa lugar donde se guardaba el grano o la cosecha, hai que destacar que Cela óas 3 parroquias do municipio e a que ten máis importancia agraria e gandeira.

• Querían a San Lourenzo Os borrallentos de Ardám, querían a San Lourenzo pero os de Cela no llo dan.



PARTE):  
 1 MOEGA  
 2 ADEGA  
 3 TARAVELLO  
 4 GARAVATO  
 5 COPLELA  
 6 OLLAL  
 7 MO

DESASTRE DA

# LEI PERTIERRA.

O anteproxecto de Lei de Participación, Avaliación e Xestión dos Centros Educativos ou "Lei Fertierre" acabou sendo admitido polo Ministerio de Educación en contra do 80% dos profesores que votaron, nun referéndum, que non.

Estes profesores rexeitaron a norma por seis claras razóns:

1. Supón un avance na privatización do ensino público.

2. Fai máis grande as diferencias entre centros por diversos motivos.

3. É unha lei retrógrada para a democracia, pois profundiza na xerarquización do profesorado, entrando na vía da "meritocracia" e dos premios salariais para que haxa máis participación e máis calidade, exterminando ós profesores de directiva.

4. Invade competencias educativas que son exclusivas da Xunta de Galicia.

5. Propón unha forma de avaliación unidireccional que non ten garantías de control democrático.



6. Supón un retroceso nos criterios de xestión democrática dos centros, facendo maiores as competencias unipersonais da función directiva para o pesar das escolas que teñen un Claustro de Profesores e un Concello Escolar.

En resumo, será fatal para o ensino e un gran paso atrás para a democracia, pois, ademais do que xa se dixo, esta lei, seguirá adiante inde que máis do 80% do profesorado dera unha resposta negativa, e dicir, que o Ministerio pasou olímpicamente desta votación e seguiu adiante.

En fin, nos, os estudantes do Colexio Público Torre-Cela, que nos vemos na obriga de formarnos nun colexio sen financiamento, con infraestructuras deficientes insuficientes, vamos a sufrir esta lei innecesaria que, para colmo, empeorará a enseñanza.



# RECORTA E PEGA NA PORTADA



DE "FALADOIRO." FARÁ'S  
UNHA FERMOUSA POSTAL DE  
NADAL

# O deporte no Colexio

FUTBOL SALA.- Comenzou no colexio o torneo interno de fútbol sala coa participación de 10 equipos. Os encontros son ó recreo los mércores e xoves e teñen media hora de duración.



## RESULTADOS:

Chimpineiros	0	-	Enanos	2
Rompepelotas	2	-	Perrechos	0
R.Madrid	2	-	Ultra Sur	1
Pringados	1	-	Reciclados	2
Resignados	4	-	Bufas F.C.	6
Chimpineiros	3	-	Rompepelotas	1
Enanos	1	-	Perrechos	6
R. Madrid	1	-	Reciclados	2
Pringados	2	-	Bufas F.C.	5

BALONMAN.- Tamén deu comezo nos recreos o torneo de balonmán feminino coa participación de 4 equipos que xogarán todos contra todos a dobre volta. Os partidos xóganse os venres.

## RESULTADOS:

Chinches	15	-	Mandonas	1
Matonas	3	-	Cantamañanas	4
Chinches	16	-	Matonas	1

## DEPORTE ESCOLAR:

Comenzou a tempada de Campo a Través. Os equipos infantís, alevíns, cadetes e benxamíns participaron no cross de San Roque (Darbo), e no Trofeo de Pedestrismo de Cangas. Proximamente participarán no cross do Instituto Johan Carballeira de Bueu e no Cross de Bueu que será p clasificatorio para o Campionato Provincial de Campo a Traves Escolar. Tamén o 16 de nadal comenza a tempada dos equipos de Fútbol sala do colexio.

